

EXPEDIENTE: 2024/G010/000011

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA 28/11/2024

DECRETO: 600/2024

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Advertido erro no Decreto núm.597/2024 de data 22/11/2024, relativo á data de realización da sesión plenaria extraordinaria que no mesmo consta, de xeito que onde di:

“mércores 27 de novembro de 2024”

debe dicir:

“xoves, 28 de novembro de 2024”

Ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Corrixir o erro advertido no Decreto núm. 597/2024 de data 22/11/2024 de xeito que onde di: “mércores 27 de novembro de 2024”, debe dicir: “xoves, 28 de novembro de 2024”

SEGUNDO.- Notificar a resolución aos membros do órgano Colexiado

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión plenaria.

Transcríbese a seguir o texto corrixido da Resolución de xeito íntegro:

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos Colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves, 28 de novembro de 2024

Hora: 12:00

Lugar: Salón de Plenos

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2024-2026 (III)

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles de que están á súa disposición os antecedentes dos asuntos na sede electrónica do concello nno apartado "Portal de cargos electos".

Dodro, documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís